



# CEE, costa exterior da praia do Rostro a Lires

Adela Leiro, Mon Daporta  
setembro 2019



Distancia: 7 km (lineal)  
Dificultade: media



O Petón Vermello

O litoral de Cee ten tres partes diferenciadas e separadas, dúas protexidas na ría de Corcubión e no seo de Fisterra, e outra exposta na costa da Morte. A de maior lonxitude e o da ría de Corcubión da que ocupa o fondo e toda a banda esquerda que se prolonga cara a enseada do Ézaro. No seo de Fisterra hai un pequeno tramo de cantís e a praia de Estorde e na costa exterior (Costa da Morte) unha sucesión de cantís e coídos e a ría de Lires.

Destá volta propoñemos unha camiñada que permite percorrer o tramo de litoral que o concello de Cee ten na Costa da Morte: altos cantís, coídos inaccesibles e, xa chegando a Lires, os areais. A ser posible cun día claro, co ceo limpo para poder apreciar todos os detalles ata o horizonte e a marea baixa para poder ver todo o que oculta a auga.



Costa exterior de Cee desde a praia do Rostro ata a ría de Lires

## PERCORRIDO

Comezamos, para levar o sol detrás, na **praia do Rostro**, onde o concello de Cee comparte un anaquiño con Fisterra, collendo o carreiro que sube ao alto do cantil para baixar logo cara ao punto de desaugue en fervenza dun rego, na **Mexadoira**, e desde alí seguir á inversa o traxecto do roteiro da Meigha Lirea, que coincide nalgúns tramos co Camiño dos Faros, andando polos carreiros de máis ao pé do mar, traballados, marcados con puntos e pequenas frechas verdes (non sempre ben visibles), e nalgúns sitios estreitos e beirados de toxos; que nos van levando dunha punta á outra, dunha panorámica á seguinte... e onde é posible facemos un curto desvío monte a través para buscar un encadre máis axeitado ou mellorar, non sempre, un punto de vista. Así imos pasando da **punta Mixirica** á **punta Besugueira**, da Besugueira á do **Narís** e logo á de **Cal Boa**, entre as que se acollen o **Petón Vermello**, e varios coídos aos que non é doado baixar. Pasada a punta de Cal Boa e entre ela e a punta da Barra fórmase un seo que acolle os dous únicos areais, un só cando a marea está baixa, de mar aberto do percorrido, as **praias de Area Grande e Area Pequena**. Detrás da **punta da Barra**, e ao abrigo do **Mellón**, atopamos a **praia de Lires**, a desembocadura do **río Castro**, que fai linde entre os concellos de Cee e Muxía, e quédanos por percorrer a banda esquerda da **ría de Lires** para chegar á localidade onde rematamos. Teremos camiñado, con idas e voltas, uns 7 km, de dificultade media polas constantes subidas e baixadas.



Río Castro. Nace no monte Escaleira (Vimianzo) e desemboca na pequena ría de Lires (entre Cee e Dumbria) , despois de 30 km de percorrido.



Esteiro do rego de Lires



Desembocadura do río Castro na ría de Lires

Ría de Lires. Formada pola confluencia dos ríos Castro e Lires. Máis que unha ría verdadeira é un esteiro bloqueado por unha frecha areosa (praia de Nemiña) que impide que se baleire totalmente, formando un espazo lamacento no que se acollen e alimentan anátidas e limícolas. A marea chea supera o dique de area e renova a auga do interior.






3-Praia de Lires



Punta Mellón



4-Punta da Barra



Area Pequena. Area Grande



Pedra do Cortello



Coído de Cal Boa



Vista desde a Cal Boa ata a punta da Barra. Ao fondo a praia de Nemiña e o cabo Cociñadoiro (Muxía)



Vista do coído da Cal Boa e a punta da Lagoa




Punta da Lagoa



Punta da Lagoa. Petón Vermello



Punta do Narís



Punta Besugueira




Punta Mixirica ou da Mexadoira. No centro o Petón Vermello



Punta Mixirica ou da Mexadoira



Punta Mixirica ou da Mexadoira. Ao fundo a punta e a praia do Rosto.



Coído do Ensarro.  
Fervenza da Mexadoira.